

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 15/01/1974

Colección:

Data: 15/01/1974

De:

Luís Seoane;

Para:

Francisco Fernández del Riego;

Orixes:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Orixes:

Montevideo, 1985, 13° (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada e o membrete:]

Mencionados:

Luís Falcini; Evelina Hervella; Simón Scheimberg; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 15/01/1974

LUIS SEOANE

Buenos Aires, 15 de Xaneiro de 1974

Sr. D. Francisco F. Del Riego

Vigo

Meu querido amigo:

Recibín o teu pésame con motivo do pasamento de miña nai nesa, en Xixón. Agradézo vos moito, a Evelina e a tí, este testemuño da vosa amizade. Cando saímos de Madrid, miña nai atopábase ben, foi repentina a súa morte, falloulle o corazón. Eu continuo moi deprimido. Poidemos estar xunto con ela de sospeitar que podía estar mal si nos fose doado preveer o que ten de ocorrer. O 73 foi por moitos motivos un ano malo pra nós, morreron dous grandes amigos que penso tí

coñeciches, o escultor Falcini e o Dr. Scheimberg; tivemos o accidente, no que, aparte das feridas de un e outro, perdín tres meses de traballo, etc. Non quero escribir mais nada encol de todo esto. Póño-me pesimista, un vai morrendo día a día. O traballo ten de nos salvar de matinar encol destas cuestiós.

Soio quero agradecérevos as frases que nos enviáchedes. En canto a todo xa falaremos en outra oportunidade. Adiántoche que recibín bastantes libros no ano que pasei ahí. Non recibín o N^o 40 de Grial. Fai que mo remitan. Gracias. Recibide Evelina e tí unha grande aperta de Maruja e miña:

Seoane

[Escrito na marxe inferior:] Montevideo, 1985-13^o-Dpto. 68

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.